

XVIII TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN

Organiza:

Concello de Oleiros

Email: deportes@oleiros.org

Teléfono: 981 636 598

Colaboran:

Federación Galega de Triatlón

Protección Civil Concello de Oleiros

Policía Local Concello de Oleiros

Garda Civil de Tráfico

Data e horario da carreira:

Sábado 1 de Setembro de 2007

Saída as 16.00 h.

Distancia:

Para tódalas categorías, sprint:

0,750 Km de natación - 20 Km en bicicleta – 5 Km de carreira a pé

Participación:

Neste triatlón poderán participar:

- Tódolos deportistas federados na F.G. de Triatlón.
- Aquelas persoas que fagan licencia de un día (aportando ademais fotocopia do DNI).
- A efectos de control organizativo o número máximo de participantes será de 120. Admitindo a inscrición por orden de cegada.

Categorías:

Cadete (H/M), Xunior (H/M), Sub-23 (H/M), Absoluto (H/M), Veterán (H/M) e popular (H/M).

Inscricións:

As inscricións serán gratuitas e faranse a partir do Luns 20 de Agosto ata as 13.00 horas do Mércores 29 de Agosto. Inscricións nas oficinas de Deportes situadas no Centro Municipal de A Fábrica, en Perillo, na rúa do Inglés s/n, en horario de luns a venres de 10.00 h. a 14.00h. (teléfono 981 636 598, fax 981 639 592, correo electrónico deportes@oleiros.org) aportando os datos: dni, nome, apelidos, data de nacemento, teléfono, clube e categoría. As persoas que fagan licencia dun día deberán aportar ademais a fotocopia do DNI.

Saída, boxes e meta:

No Parque a Lagoa de Mera, situado detrás da praia de Mera.

Recollida de dorsais:

O mesmo día da proba de 10.00 h. a 14.00 h. no Parque a Lagoa de Mera

Premios:

Trofeo ao primeir@ de cada categoría (H/M).

A entrega de premios farase ao remate da proba.

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo do XVIII Triatlón Concello de Oleiros.

Normas de competición:

A carreira rexirase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Triatlón.

XVIII TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

RUTÓMETRO

Data de celebración: Sábado 1 de Setembro de 2007

Horario da proba: saída as **16.00 h.** desde o Parque a Lagoa de Mera. En caso de que a participación sexa moi numerosa faranse dúas saídas, sendo a segunda as **16.45 h.**
1ª mulleres e cadetes e 2ª resto categorías ata 100 participantes por orde inscrición.

Lugar de celebración: Parque a Lagoa de Mera, no Concello de Oleiros
Hora de Remate da proba: ás 18:30 horas aproximadamente

Primeiro sector. 0,750 Km de natación

Descorrerá na praia de Mera sobre un circuito de 750 metros o que se dará unha volta. A saída se fará preto do peirao ata o final da liña de boias que delimitan a praia deixando esta liña de boias sempre a man Dereita. A proba estará controlada por unha lancha motorizada. Os primeiros triatletas completarán este primeiro sector en aproximadamente **10** minutos e os últimos da segunda proba rematarán ás **17.05 h.**

Segundo sector. 20 Km en bicicleta

Estimase que comezará as 16:15 para a primeira proba e as 17.00 para a segunda proba. O inicio da proba farase saíndo do Parque a Lagoa de Mera pola rúa da Braña cara a rúa Tierno Galván, pola que se circulará ata a rúa Xabarin e a continuación pola rúa Garduña, voltando de seguido a rúa Tierno Galván para voltar polo mesmo percorrido. Ao final da rúa Tierno Galván faise un xiro de 180º completando a primeira volta. Faranse **4 voltas** a este percorrido. Unha vez completadas as 4 voltas se accede a boxes pola rúa da Braña. Os primeiros triatletas completarán o percorrido aproximadamente ás **16:55 h.** e os últimos ás **17:55 h.** Chegarán a boxes para deixar a bicicleta e iniciar o terceiro sector.

Terceiro sector, 5 Km de carreira a pé

Comenzará saíndo dos boxes, situados no Parque a Lagoa de Mera, pola rúa da Braña e subindo pola Avenida María Pita. Á altura da rotonda da península de Canide dase a volta para voltar polo mesmo percorrido. Faranse **3 voltas** a este percorrido. Os primeiros rematarán a proba ás **17:15 h.** e os últimos da segunda proba ás **18:30 h.** aproximadamente.

XVIII TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

NATACIÓN 1 VOLTA



XVIII TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

CICLISMO 4 VOLTAS



XVIII TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

CARREIRA A PÉ 3 VOLTAS

